



Fundación Biodiversidad Convocatoria 2018

Convocatoria de concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de actividades no ámbito da biodiversidade terrestre, biodiversidade mariña e o litoral e o fomento da información ambiental

■ Información da convocatoria:

<http://fundacion-biodiversidad.es/es/convocatorias/convocatorias-de-ayudas/convocatoria-de-ayudas-2018>

■ Resumo:

- **Prazo Presentación Solicitudes:** 30 de abril de 2018 14:00
- **Duración:** Proxectos cun prazo de execución dun ano
- **Porcentaxe de financiamento:** 50% total do presuposto para solicitantes do sector público (70 % para outros solicitantes).
- **Importe máximo financiamento:** A axuda solicitada non poderá superar os 50.000€ para os proxectos das Liñas de Actuación Biodiversidad terrestre e Biodiversidade mariña e litoral, e os 25.000€ nos proxectos de información ambiental.
- **Nº de propostas admisibles por entidade:** 1

Perante a limitación no número máximo de propostas por entidade, a Vicerreitoría de Investigación e Innovación, a través da Área de Xestión e Valorización da I+D, precisa ter información detallada das posibles propostas nas que haxa participación da USC co fin de proceder, a unha axeitada selección da iniciativa a presentar pola USC. **Para tal fin, será necesario valorar as posibles propostas segundo criterios como:**

1. Experiencia previa en participación noutros proxectos no mesmo campo.
2. Número de grupos de investigación da USC participantes na mesma candidatura e orzamento da mesma.
3. Alcance dos obxectivos da proposta.
4. Relevancia das actuacións previstas para atinxir os obxectivos propostos.

A este efectos, e co fin de axilizar a selección da proposta a presentar pola USC, pregamos que aqueles investigadores que teñan previsto ou estean interesados en participar nesta convocatoria que remitan a súa idea de proxecto segundo o modelo proposta dispoñible na ligazón seguinte **antes do 2 de marzo de 2018** ao seguinte enderezo: investigacion.colaborativa@usc.es

Modelo proposta interna: http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/2213_gl.doc

Para calquera consulta adicional dirixirse a Eva Fabeiro, Iago Rodríguez ou M^ª Dolores Vega (investigacion.colaborativa@usc.es)